Cod. Validación: A2KKGNKPGDA4FJ7RLF3DYXH | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 16 a 34

"Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e re que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislaci vista a RESOLUCION do 19 de Novembro de 2019, publicada no D.O.G. num. 229 do Luns, 02 de D 2019 da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, pola que se establecen as bases reguladoras para a c réxime de concorrencia non competitiva, de axudas para actuacións de mellora paisax embelecemento de bens e recursos que se atopan no Camiño de Santiago, e se establece a súa para o ano 2020, VEN A RESOLVER:

PRIMEIRO.- Aprobar a memoria do proxecto "MELLORA DA SINALIZACIÓN E EMBELECEMENTO D BIC DO CONCELLO DE LOURENZÁ AO SEU PASO POLO CAMIÑO NORTE", ascendendo o seu presupost OITO MIL OITOCENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS. (8.849,94 €), IV

SEGUNDO.- Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia ao abeiro da RESOLUCION do 19 de Novemb publicada no D.O.G. num. 229 do Luns, 02 de Decembro de 2019 da AXENCIA DE TURISMO DE GALIC se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, d para actuacións de mellora paisaxística e de embelecemento de bens e recursos que se atopan no C Santiago, e se establece a súa convocatoria para o ano 2020, unha subvención por importe de SEIS SEISCENTOS TRINTA E SETE EUROS CON CORENTA E CINCO CÉNTIMOS. (6.637,45 €), IVE INCLUIDO, correspondente ao 75% do presuposto total que ascende a OITO MIL OITOCENTOS CORENTA E NOVE NOVENTA E CATRO CÉNTIMOS. (8.849,94 €), IVE INCLUIDO, para a execución do proxecto "MELLORA SINALIZACIÓN E EMBELECEMENTO DE PUNTOS BIC DO CONCELLO DE LOURENZÁ AO SEU PASO POLO NORTE", co seguinte desglose:

| | | |
|---|---|---|
| 1 | FABRICACIÓN, SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE MARQUESINA | 2.380,00 € |
| 2 | PLANÍMETRO CULTURAL | 1.540,00 € |
| 1 | CUBRELIXO DE 3x1,10 METROS (INCLUE ZAPATA FORMIGÓN) | 1.260,00 € |
| 2 | SINAIS DE ORINETACIÓN DE 120X30 (CON PATAS) | 297,00 € |

| | |
|---|---|
| **SUBTOTAL** | 7.314,00 € |
| **IVA 21%** | 1.535,94 € |
| **TOTAL** | 8.849,94 € |

CUARTO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos ... Novembro de 2019.

QUINTO.- Comprometerse ao financiamento do importe da actividade que non resulte ... abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

SEXTO.- Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local.

Mándao e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta en Lourenzá (Lugo) a dous de Xaneiro de ... vi

Cod. Validación: A2KKGNKPGDA4FJ77R... 3DYYYH | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 34



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

**Expediente 938/2019. RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN ALCALDIA DE 30/12/2019 SOLICITANDO SUBVENCIÓN Á AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA:ACTUACIÓNS DE MELLORA DAS INFRAESTRUCTURAS TURÍSTICAS NO MEDIO RURAL PARA 2020.**

| Favorable | Tipo de votació<br>Unanim de/Asen ento |
|---|---|

Neste punto do orde do día, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes ratificou a Resolución da Alcaldía de data 30/12/2019 na que se solicitou unha subvención á Axencia de Turismo de Galicia ó abeiro da Resolución do 19 de Novembro de 2019, publicada no D.O.G. núm. 228 do Venres 29 de Novembro de 20 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de <u>MELLORA DAS INFRAESTRUCTRURAS TURÍSTICAS NO MEDIO RURAL</u> e se anuncia a s convocatoria para o ano 2020, sendo o seu contido literal:

"Dona ROCÍO LÓPEZ GARCÍA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nom representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas Lexislación Vixente e vista a RESOLUCION do 19 de Novembro de 2019, publicada no D.O.G. num. do Venres, 29 de Novembro de 2019 da AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, pola que se establecer bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvención entidades locais para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas no medio rural anunc convocatoria para o ano 2020,VEN A RESOLVER:

<u>PRIMEIRO.-</u> Aprobar o anteproxecto de "INSTALACIÓN DE ILUMINACIÓN ORNAMENTAL BICS CONCELLO DE LOURENZA- Mosteiro de San Salvador e Pazo de Tovar", ascendendo o s resupo total a VINTE E SEIS MIL EUROS. (26.000,00 €), IVE INCLUIDO.

<u>SEGUNDO.-</u> Solicitar á Axencia de Turismo de Galicia ao abeiro da RESOLUCION do 19 ovem de 2019, publicada no D.O.G. num. 228 do Venres, 29 de Novembro de 2019 da AXENCIA RISM DE GALICIA, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de rrenc competitiva, de subvencións a entidades locais para actuacións de mellora das infraestru turíst no medio rural, e se anuncia a convocatoria para o ano 2020, unha subvención por impor VINTE SEIS MIL EUROS (26.000,00 €), IVE INCLUIDO, para a execución do proxecto "INSTALACIÓN ILUMINACIÓN ORNAMENTAL DOS BICS DO CONCELLO DE LOURENZÁ – Mosteiro de San Sa Pa de Tovar", co seguinte desglose:

<u>I.-ALUMEADO ORNAMENTAL MOSTEIRO DE SAN SALVADOR</u>

| | | | |
|---|---|---|---|
| 4 | PROYECTOR LED RGB 50 W IP 65 | 98,50 € | ...00 € |

Cod. Validación: A2KKGNKP DA4FJ77RLF3DYYH | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 de 34



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

| | | | |
|---|---|---|---|
| 15 | FOCO EMPOTRABLE SUELO LED RGB 36 W RF | 1.074,51 € | 16.117,70 € |
| 1 | INSTALACIÓN | 900 € | 900,00 € |
| II.- ALUMEADO ORNAMENTAL PAZO DE TOVAR | | | |
| 10 | PROYECTOR LED 50W SMD 5730 RGB | 98,70 € | 987,00 |
| 9 | CONECTOR ESTANCO PARA DERIVACIÓN 1 ENTRADA 2 | 15,89 € | 143,01 |
| 10 | ARQUETA CON TAPA 20X20X20 MATERIAL TERMOPLASTICO | 7,28 € | 72,80 |
| 115 | ML MANGUERA RVK 3X2,5MM2 1KV | 1,12 € | 128,80 |
| 110 | MTS. TUBO AISCAN HORMICOR 32 | 0,62 € | 68,20 |
| 1 | INT. AUT. 1P+N 10A 6KA CURVA C | 17,80 € | 17,80 |
| 1 | INT. ASTRONOMICO 1 CANAL | 257,65 € | 257,65 |
| 1 | INSTALACIÓN LUMINARIAS | 900,00 € | 900,00 |
| PLANÍMETRO CULTURAL | | | |
| 1 | PLANÍMETRO CULTURAL 140X140 CON PATAS DE ALUMINIO LACADO RAL (SEGÚN MANUAL) | 1300,64 € | 1300,64 |
| 1 | INSTALACIÓN | 200,00 € | 200,00 |

| | |
|---|---|
| SUBTOTAL | 21.487,60 € |
| IVA 21% | 4.512,40 € |
| TOTAL | 26.000,00 € |

CUARTO.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos esolu do 19 de Novembro de 2019.

QUINTO.- Comprometerse ao financiamento do importe da actividade que non result subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista.

SEXTO.- Ratificar esta resolución na próxima Xunta de Goberno Local.

Mándao e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta en Lourenzá (Lugo) a trinta de Decembro m dezanove."

Cod. Validación: A2KKGNKPGDA4FJ77RLF3DYYYL | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 34

**Expediente 44/2020. RATIFICACION RESOLUCIÓN ALCALDIA DE 16/01/2020 APROBANDO BASES REGULADORAS CONVOCATORIA POSTO EDUCADOR/A INFANTIL**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Neste punto do orde do día, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes ratificou a Resolución da Alcaldía de data 16/01/2020 na que se realiza unha convocatoria para a provisión temporal dun posto de educador/a infantil, mediante contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo e constitución dunha bolsa de emprego para substitucións no Punto de Atención á Infancia do Concello de Lourenzá, sendo o seu contido literal:

*"BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL CONVOCADO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE INTERINIDADE POR ENFERMIDADE DE EDUCADOR/A INFANTIL E CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓNS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE LOURENZÁ*

*RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA*

*Dona ROCIO LÓPEZ GARCIA, Alcaldesa-Presidente do Concello de Lourenzá (Lugo), no nome e representación que do mesmo ostenta, de conformidade coas atribucións que lle veñen conferidas pola Lexislación Vixente e Vista a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 de 22 de xuño de Administración Local de Galicia, Lei 7/2007 de 7 de abril, do Estatuto Básico do empregado público, e demais disposicións aplicables, en uso das facultades conferidas,VEN A RESOLVER:*

*Primeiro.- Realizar unha convocatoria para a provisión temporal dun posto de educador/a infantil, mediante contrato por obra ou servizo determinado a tempo completo e constitución dunha bolsa de emprego para substitucións no Punto de Atención á Infancia do Concello de Lourenzá.*

*Segundo.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo I.*



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2KKGNKPGDA4FJ77RLF3DYYYH | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 34

*Terceiro.- Darlle publicidade a esta convocatoria a través da Páxina Web e do taboleiro de anuncios do Concello.*

*Mándao e asina a Sra. Alcaldesa-Presidente en Lourenzá (Lugo) a 16 de Xaneiro de dous mil vinte."*

**BAIXA DO SAF DE DEPENDENCIA DE D. ANTONIO CAMPOS LÓPEZ.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto informe da Traballadora Social de data 21/10/20, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de D. ANTONIO CAMPOS LÓPEZ con D.N.I. nº ****2534H con domicilio en Veiga núm. 12 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, por falecemento do beneficiario, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de D. Antonio Campos López.

**BAIXA DO SAF DE DEPENDENCIA DE D. JOSÉ NOGUEIRA ALVITE.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

Visto o informe da Traballadora Social de data 22/01/20, relativo a extinción do servizo de axuda no fogar de D. JOSE NOGUEIRA ALVITE con D.N.I. nº ****7329V con domicilio en Xuncal núm. 3 da Parroquia de San Jorge deste Termo Municipal, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

Conceder a EXTINCION do servizo de "Axuda no Fogar" de D. José Nogueira Alvite.

**Expediente 65/2020. CAMBIO TITULARIDADE RECOLLIDA DE LIXO Dª Mª OFELIA RIVAS FOLGUEIRA**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** |
|---|---|



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2KKGNKPGDA4FJ77RLF3DYYYH | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 34

| | |
|---|---|
| | Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 276 de 24/01/20 subscrita por Dª. Mª OFELIA RIVAS FOLGUEIRA con D.N.I. núm. ****5127T con domicilio en Castiñeiras Verdes núm. 20 da Parroquia de Santo Tomé deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en Solleio núm. 3 e Pateira de Abaixo núm. 7 da Parroquia de San Adriano deste Termo Municipal, que antes figuraba a nome de D. Justo García Veiga e para que agora figure a nome de Dª. Mª Ofelia Rivas Folgueira en Solleio núm. 3 e Pateira de Abaixo núm. 7 da Parroquia de San Adriano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2020.

**Expediente 42/2020. CAMBIO TITULARIDADE LIXO Dª TANIA LONGARELA LÓPEZ**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude núm. 204 de 15/01/20 subscrita por Dª. TANIA LONGARELA LÓPEZ con D.N.I. núm. ****9972T con domicilio en O Castro núm. 19 da Parroquia de Santa María deste Termo Municipal, na que solicita o cambio de titular no Padrón de recollida de residuos sólidos urbanos en O Castro núm. 19 (no Padrón figura erroneamente O Castro núm. 1, que antes figuraba a nome de D. Hilario López Lombán en O Castro núm. 1, e para que agora figure a nome de Dª. TANIA LONGARELA LÓPEZ en O Castro núm. 19, Santa María.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder ao solicitado con efectos do primeiro trimestre de 2020.

**Expediente 20/2020.ALTAS BAIXAS E CAMBIOS TITULARIDADE POSTOS MERCADO**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

A.- BAIXA DE D. MARTIN CABANAS RODRIGUEZ



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2KKGNKPGDA4FJ77RLF3DYYYH | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 34

Vista solicitude de 10/01/20 subscrita por D. MARTIN CABANAS RODRIGUEZ con D.N.I. nº 33.557.255W con domicilio en Reguengo, 2 do Termo Municipal de Mondoñedo na que solicita a baixa no posto de Mercado número 1, por cese da actividade da empresa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda autorizar a baixa no posto de mercado nº 1 de D. MARTIN CABANAS RODRIGUEZ, con efectos do exercicio do 2020.

B.- BAIXA DE D. HIND BAATI EP EL BOUADIU

Á vista do informe emitido por D. Ramón Iglesias Ventura, encargado do mercado municipal, relativo ao posto nº 9 do cal é titular D. HIND BAATI EP EL BOUADIU, no que informa que durante o ano 2019, o titular deste posto non instalou o mesmo e segundo información adquirida D. Hind Baati Ep El Bouadiu non volverá a ocupar dito posto por residir no extranxeiro, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

1º.- Dar de baixa de oficio do posto numero 9 do mercado a D. Hind Baati Ep El Bouadiu, con efectos do exercicio do 2020.

**Expediente 917/2019. ALTA POSTO MERCADO D. JOSE DÍAZ SÁNCHEZ**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |

Vista solicitude de 13/12/20 subscrita por D. JOSE DÍAZ SÁNCHEZ con D.N.I. nº 06555479L con domicilio en Rúa Viana do Castelo, nº 2, 3ºA de Lugo, na que solicita a alta nos postos do Mercado con unha superficie de 10 metros.

Vista a documentación presentada, por unanimidade e en votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a alta nos postos de Mercado con unha superficie de 10 metros a D. JOSE DÍAZ SÁNCHEZ con efectos do mes de febreiro de 2020, e no posto número 9.

**Expediente 43/2020. SOLICITUDE TARXETA ESTACIONAMENTO MINUSVÁLIDOS D. JOSE LÓPEZ SEOANE**

| | |
|---|---|
| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |




Cod. Validación: A2KKGNKPGDA4FJ77RLF3DYYYH | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 34

Vista a solicitude formulada por D. JOSE LÓPEZ SEOANE con DNI. nº ****9769W veciño de Campo da Feira núm, 18-20, 1º D da Parroquia de Santa María deste termo, na que insta a tarxeta de estacionamento para minusválidos e presenta copia da calificación de minusvalía.

Visto o artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras no que se establece que nos aparcamentos que dan servicio aos edificios de uso público regulamentariamente establecerase o mínimo de prazas que deberán ser reservadas, debidamente sinalizadas, para o seu uso por personas con movilidade reducida, así como o seu emprazamento e accesos, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos presentes ACORDA:

Conceder a taxjeta de estacionamento para minusválidos a D. JOSE LÓPEZ SEOANE con DNI. nº ****9769W por cumprir os requisitos esixidos no artigo 14 da Lei 8/97 de 20 de agosto de Accesibilidade e Supresión de Barreiras.

**FACTURAS E CERTIFICACIÓNS.**

| **Favorable** | **Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento |
|---|---|

A Xunta de Goberno Local, en virtude das atribucións que lle foron conferidas pola Alcaldía mediante Resolución de data 18/07/2019, prestou aprobación por unanimidade dos presentes, ás FACTURAS que se relacionan a continuación:

| NOME E NIF. ACREDOR | NÚM. FACTURA E DATA | CONCEPTO | IMPORTE (IVE incluído) |
|---|---|---|---|
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20/4 de 02/01/20 | Servizo “Axuda no Fogar” Dcbro. 2019 ( Domingos e Festivos) Dependencia 60 horas (desconto horas oferta) | 962,47 |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20/5 de 02/01/20 | Servizo “Axuda no Fogar” Dcbro. 2019 (Incidencias | 4.192,81 |



Cod. Validación: A2KKGNKPGDA4FJ77RLF3DYYYH | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 34

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | Dependencia) 289horas. (desconto horas oferta) | |
| SERVICIOS SOCIAIS SAN ROQUE CIF. B27333160 | Núm. SSPT20/6 de 02/01/20 | Servizo “Axuda no Fogar” Dcbro. 2019 (Incidencias Libre Concorrencia) 49 horas. | 751,91 |
| **TOTAL** | | | **5.907,19** |

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**DACIÓN DE CONTA DA SENTENCIA 315/2019 EDIFICO AVDA. MONDOÑEDO 20-22 ESQUINA REGO VILAZO, DO XULGADO CONTENCIOSO DE LUGO DO PROCEDEMENTO ORDINARIO NÚM. 309/2017 MARFUL Y VARELA S.L.**

Neste punto do orde do día deuse conta da Sentencia núm.315/2019 achegada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Núm.1 de Lugo, rexistrada de entrada o día 13/12/ 2019 co núm. 2674, referente o procedemento ordinario 0000309/2017 interposto a instancia da Entidade Mercantil Marful y Varela S.L. contra o Concello de Lourenzá e en virtude da que se desestima o recurso contencioso administrativo interposto por dita entidade mercantil.

## C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

Cod. Validación: A2KKGNKPGDA4FJ77RLF3DYYYH | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 25 a 34



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: A2KKGNKPGDA4FJ77RLF3DYYYH | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 26 a 34

## ANEXO I

**BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN, POR CONCURSO-OPOSICIÓN, DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL CONVOCADO PARA A COBERTURA DUN POSTO DE INTERINIDADE POR ENFERMIDADE DE EDUCADOR/A INFANTIL E CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA SUBSTITUCIÓNS NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE LOURENZÁ**

### PRIMEIRA.—OBXECTO E NORMA DE APLICACIÓN.

Esta convocatoria ten por obxecto a contratación temporal dun Educador/a Infantil mediante o sistema de **CONCURSO – OPOSICION** e constitución dunha bolsa de emprego para substitucións no Punto de Atención á Infancia do Concello de Lourenzá.

### SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO LABORAL CONVOCADO.

O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

.- Número e denominación do posto: 1 Educador/a Infantil.
.-Titulación: Diplomatura en Maxisterio, especialidade en Educación Infantil; Grado en Educación Infantil.
.-Modalidade contractual: laboral, por obra ou servizo de duración determinada a tempo completo.
.- Funcións: Levar a cabo as actividades programadas, empregando os recursos e estratexias metodolóxicas e creando un clima de confianza.
Dar resposta ás necesidades dos nenos e nenas, así como das familias que requiran a participación doutros profesionais ou servizos, empregando os recursos e procedementos axeitados.
Actuar con autonomía e iniciativa no deseño e realización de actividades, respetando as liñas pedagóxicas e de actuación do PAI.
Manter relación fluídas cos nenos e nenas e as súas familias, membros do grupo no que se está integrado e outros profesionais, mostrando habilidades sociais, capacidade de xestión da diversidade cultural e aportando solución a conflictos que se presenten.
Xerar entornos seguros, respetando a normativa e protocolos de seguridade na planificación e desenrolo das actividades.



Cod. Validación: [illegible] | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 27 a 34

## TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Para tomar parte nas probas selectivas, os aspirantes deberán cumprir os requisitos de acceso esixidos nestas bases e ser remitidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, previa presentación por parte deste Concello da correspondente oferta de emprego.

## CUARTA.— PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O Concello de Lourenzá convocará ás persoas candidatas mediante a presentación da oferta no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través do modelo normalizado para tal efecto, facendo referencia aos requisitos que debe reunir o/a traballador/a que se contratará para o axeitado desenvolvemento das funcións propias dos postos de traballo ofertados, debendo presentarse unha por cada categoría profesional dentro de cada ocupación.

Recibida a oferta, o Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das súas características atendendo á maior adecuación ao posto ofertado, proporcionando, de ser posible, o número de candidatos que solicite a entidade beneficiaria, que en ningún caso poderá ser inferior a dúas por posto de traballo.

As persoas candidatas propostas polo Servizo Público de Emprego de Galicia, deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Lourenzá as solicitudes e a documentación adicional para participar no proceso selectivo, no modelo que se achega como Anexo II, nos **tres días hábiles seguintes á recepción da carta da convocatoria**, en horario de 8:30 a 14:00 horas.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Instancia de solicitude segundo o modelo Anexo II.
- Fotocopia do D.N.I. (no seu defecto, resgardo do D.N.I. ou pasaporte).
- Fotocopia da titulación esixida para o acceso ao posto de traballo.
- Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para a súa valoración na fase de concurso, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia. (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).


Praza do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 Lugo. Tfno: 982121006. Fax: 982121506

Cod. Validación: [illegible] | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 28 a 34

**QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

A selección de persoal laboral temporal para cada praza realizarase mediante un Tribunal cualificador composto por tres empregados públicos (Presidente, Secretario e Vocal) do Excmo. Concello de Lourenzá, os cales se designaran en cada convocatoria.

No caso de existir un só aspirante a praza convocada, segundo a lista remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, a selección levarase a cabo mediante a celebración dunha entrevista persoal, co gallo de valorar as aptitudes do aspirante en relación co posto ofertado.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe a Sra. Alcaldesa, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao posto.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñela incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle ao Presidente cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no art. 28 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no art. 29 da Lei 30/1992.



Cod. Validación: [illegible] | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 29 a 34

### SÉTIMA.—SISTEMA DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O sistema de selección será de **CONCURSO-OPOSICIÓN.**

A tal efecto o Tribunal constituirase para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo contido nas bases específicas, na Casa do Concello.

A cualificación dos méritos realizarase de acordo co baremo seguinte:

A) **EXPERIENCIA PROFESIONAL.**

1º.- Por servizos efectivamente prestados en postos de similares características e funcións ao posto que se opta e dependentes dunha Administración Pública: 0,15 puntos por cada mes completo de servizo. No caso de servizos prestados na empresa privada: 0,10 puntos por cada mes completo de servizo.

Non se computarán fraccións inferiores a meses completos.

Para acreditar a experiencia laboral presentaranse calquera dos seguintes documentos:

a) Informe de Vida Laboral segundo os datos proporcionados pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
b) Copia do contrato de traballo.
c) Certificado da empresa que acredita tal ocupación.

Estes documentos poderán ser substituídos por un Certificado de Empresa, sempre que queden acreditados de forma clara e expresa, a ocupación, período traballado, e número de horas.

A puntuación máxima que se pode acadar por experiencia profesional será de **4 puntos.**



Cod. Validación: [illegible] | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 30 a 34

B) **DESEMPREGO**

Por cada mes de desemprego acreditado segundo o Informe de Avaliación Administrativa do SPEG 0,10 puntos por mes completo.

A puntuación máxima que se pode acadar por desemprego será de **3 puntos**

C) **FORMACIÓN.**

Valoraranse os cursos de formación e perfeccionamento, expedidos ou homologados por organismos oficiais directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, acreditados con certificación ou diploma,

Por cada curso, máster, postgrao, diploma de estudos avanzados (DEA), etc. directamente relacionado coas funcións propias do posto a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia, dacordo coa seguinte puntuación

- Cursos de ata 20 horas: 0, 10 puntos por cada un.
-Cursos de mais de 21 horas e ata 50 horas: 0,20 puntos por cada un.
-Cursos de mais de 51 horas e ata 100 horas: 0,30 puntos por cada un.
-Curso de mais de 100 horas: 0,40 punto por cada un.

A puntuación máxima para este apartado é de **4 puntos.**

No apartado de formación presentarase o diploma orixinal (ou fotocopia) ou certificado (ou fotocopia) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas, de non ser así computaranse como pertencentes ao suposto de ata 20 horas.



Cod. Validación: [illegible] | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 34

D) **FASE DE ENTREVISTA**

A entrevista persoal, versará sobre o recoñecemento das aptitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo. Realizarase no lugar e data sinalada na convocatoria, e a súa realización terá lugar por chamamento por orde alfabético de nome e apelido dos aspirantes.

Esta entrevista valorarase cunha puntuación máxima de **4 puntos**

E) **PROBA ESCRITA**

Consistirá na resolución dunha proba tipo test de 25 preguntas con 4 posibles respostas das cales unha só será correcta; exposta polo Tribunal Cualificador, relativa ao seguinte temario:

1.- Teorías do Desenrolo. Características principais do desenrolo en idade Infatil.
2.- Atención á diversidade educativa e necesidades educativas específicas.
3.- O período de adaptación. O clima de confianza e seguridade emocional no centro de Educación Infantil.
4.- Desenrolo do Sistema Sensorial e Motor.
5.- Principais necesidades educativas especiais na Educación Infantil.
6.- Hixiene no neno e Hixiene Ambiental. Control de Esfínteres. Necesidades de sono.
7.- A linguaxe lóxica-Matemática.
8.- A literatura Infantil.

Esta proba valorarase cunha puntuación máxima de **5 puntos,** a razón de 0.2 puntos por cada resposta correcta.

**OITAVA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS. CONSTITUCIÓN DE BOLSA DE EMPREGO.**

Rematado o proceso selectivo, o Tribunal levantará acta coa relación da puntuación obtida por cada aspirante, dando conta da mesma á Alcaldía, que declarará seleccionadas a un total de persoas que nunca superará o total de postos ofertados, publicándose dita puntuación e resultado de selección no taboleiro de anuncios do Concello.

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso-oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados. En caso de empate na fase de baremo de méritos, o desempate realizarase con base na maior experiencia



Cod. Validación: A2KCRXPQ374FL7DRLRZTXYY4 | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 62 de 34

acreditada en funcións relacionadas co posto a desenvolver. De persistir o empate, valorarase a formación relacionada co posto a desenvolver.

O Tribunal aprobará e proporá para a contratación ao candidato que máis puntuación obtivese do máximo posible, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de postos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinale ou ben renuncie ao posto.

Confeccionarase unha listaxe de reservas para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

Constituirase unha bolsa de emprego para cubrir posibles vacantes que se produzan no PAI seguindo a orde de puntuación obtida nesta selección, e pasando cada candidato contratado o final da lista unha vez remate a súa relación contractual.

**NOVENA.—APORTACIÓN DE DOCUMENTOS**

O/A aspirante proposto/-a presentará na Secretaría do Concello, o día hábil seguinte ao da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

Copia do DNI, Copia Tarxeta Sanitaria e Número de Conta Bancaria.

**DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, fará o nomeamento e formalizará o contrato a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

**DÉCIMO PRIMEIRA.—NORMA FINAL.**

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

A presente convocatoria e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do tribunal poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, en concordancia coa Lei de Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

En Lourenzá, a 16 de Xaneiro de 2020
Documento asinado electrónicamente á marxe.



Cod. Validación: [illegible] | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 a 34

# Concello de Lourenzá

**ANEXO II**

**MODELO DE INSTANCIA**

D/Dona..........................................................con D.N.I. nº............

con enderezo.............................................................................

C.P................................................................ Localidade..............

Teléfono..........................................................

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da Convocatoria do proceso de selección convocado para a cobertura dun posto temporal de Educador/a Infantil e constitución dunha bolsa de emprego para o PAI do Concello de Lourenzá.

E declarando explicitamente coñecer e aceptar as Bases reguladoras da Convocatoria, cumprindo os requisitos de acceso da Base 2ª.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación:

Fotocopia do D.N.I. (no seu defecto, resgardo do D.N.I. ou pasaporte).

Fotocopia da titulación esixida para o acceso ao posto de traballo.

Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen para a súa valoración na fase de concurso, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia. (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

SOLICITA:

Sexa admitida esta Instancia para participar no proceso selectivo referido.

En Lourenzá, a …….. de ……. de 2020

Asdo.:.............................

**Á SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE LOURENZÁ**



Cod. Validación: [illegible] | Corrección: https://concellodelourenza.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 de 34